

## DISCURSO DA MOCIDADE DA FRENTE POPULAR GALEGA

25 de Xullo de 2003

---

En Novembro do 2002 as nosas costas foron escenario da inoperancia das Institucións, que permitiron que un acto de terrorismo ecolóxico diezmara o noso principal recurso natural e económico. Denantes o Policomander, o Casón, o Mar Exeo...

En Febreiro do 2003 os EE.UU. interveñen sen o apoio da comunidade internacional en Irak. Neste caso o precedente atopámolo na "*intervención humanitaria*" auspiciada pola OTAN, sen o amparo da ONU, levada a cabo en Iugoslavia no 1992.

En ámbolos casos os precedentes falan dun escenario no que o Prestige ou a Operación *Xusticia Infinita* non son feitos illados, fortuitos ou desinteresados, senón o resultado da operatividade do capital. A expoliación do Impero maniféstase de xeito diferente nos dous casos: no Irak as multinacionais pasan a xestionar directamente os recursos naturais, en Galicia redúcense notablemente as oportunidades económicas regulares e tradicionais de xerar ganacias.

Sen embargo existen conexións sistemáticas, en ámbolos casos o capital establece relacións non formais cos traballadores e cos recusus. Por relacións non formais entendemos aquela xeradas pola economía sumerxida, a contratación ilegal ou precaria, a emigración, aquela que non ten en conta os dereitos humás e o dereito internacional, e que lonxe de ser un indicador de atraso contribúe ao mantemento do capital e da súa orde mundial.

Xa que logo, as periferias se constitúen en enclaves estratéxicos para a globalización, non en van as produce e reproduce por medio da débeda externa dos chamados países en vías de desenvolvemento, mediante a promoción de programas de axuste estrutural, os préstamos do FMI, do BM... sempre pesadas cargas que recortan as prestacións sociais e xeneran a precariedade.

Dende esta perspectiva, máis que falar da inoperancia das institucións en Galicia, deberíamos falar da operatividade do Capital. O lugar do público xa non pasa polo sistema político formal, senon por un novo actor político cuxas prácticas xurden das acción e das actividades da persoas: das mariscadoras de arousa, dos mariñeiros de fisterra, das redeiras, das peixeiras, dos estudantes, da mocidade traballadora... un tecido social que, como nunha cadea de escolares, xenera unha conectividade que o capital non é quen de reducir na Galicia, no Irak, na fronteira de Mexico cos EE. UU., naArxentina, na Palestina...

---